



## Concello de Gondomar

**Expediente dixital:** 225/2023

**Asunto:** Aprobación de expediente de contratación para a adxudicación da obra “REFORMA DO CAMIÑO DE BARREIRAS EN DONAS” polo procedemento aberto con varios criterios de adxudicación e trámite ordinario”

### RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

#### ANTECEDENTES

Consta no expediente Proxecto da Obra definitivo redactado polos arquitectos de Estudio Arquitectura Arquetipos Sociedad Civil Profesional, así como informe de necesidade das sectoriais xunto cos planos preceptivos que tivo entrada no rexistro electrónico do Concello en data 8 de marzo do 2023 (2023-E-RE-974) aprobado por Decreto de Alcaldía 2024-0501 en data 13 de xuño do 2024, previamente informado polo arquitecto municipal emitindo os seguintes informes:

Informe do arquitecto municipal emitido o 29 de xaneiro do 2023 sobre o proxecto inicial presentado no Concello o 29 de xaneiro do 2023 sobre a dispoñibilidade, comprobación e viabilidade urbanística:

“As actuacións propostas consisten, en síntese, no seguinte: Con carácter xeral a intervención consistirá na mellora da pavimentación existente eliminando as fochancas existentes repondo o pavimento de formigón e mellora de pluviais e disposición de canalizacións para o soterramento das instalacións.

O proxecto está redactado polos arquitectos Ramón Vieitez Rodríguez, Alberto Cebral Loureda e Brais Barreiro Carreira.

As obras actúan sobre un camiño recollido no Inventario de Bens Municipais (plano 8-2) denominado Camiño das Barreiras. Os terreos están dispoñibles para a execución das obras. Comprobouse a realidade xeométrica das obras.

En canto ao encaixe urbanístico das obras indícase o seguinte:





## Concello de Gondomar

---

O Concello de Gondomar é un municipio sen planeamento xeral. Segundo disposición transitoria primeira da LSG, apartado 4,

4. Nos municipios sen planeamento xeral aplicarase o réxime de solo rústico establecido nesta lei, coas seguintes particularidades:

a) Unicamente poderá edificarse nos terreos que merezan a condición de solo urbano consolidado por reunir os requisitos establecidos no artigo 17.a) desta lei.

b) As delimitacións de núcleo rural manterán a súa vixencia.

Segundo artigo 49.2 da LSG, dende a entrada en vigor do Decreto 83/2018, de 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico autonómico de Galicia, este será o instrumento de Planeamento aplicable no concello de Gondomar, xunto co réxime establecido na LSG.

As obras sitúanse solo de núcleo rural común de Telleiro. As obras son viables dende o punto de vista urbanístico xa que son obras de mellora dun camiño municipal en mal estado que serve as vivendas existentes e fincas do barrio de Telleiro e canalización de instalacións. No solo de núcleo rural común están permitidos os servizos urbanos categoría 1ª compatibles co uso residencial e a mellora da pavimentación dos camiños existentes que serven as vivendas dos núcleos. Polo tanto o proxecto cumpre coa lexislación urbanística, así como co planeamento en vigor.

Todo elo sen prexuízo das consideracións das autorizacións sectoriais necesarias, que neste caso serían:

-Deputación Provincial por situarse na zona de afección da EP 2304."

Informe do arquitecto municipal emitido en data 29 de outubro do 2023 sobre a necesidade de modificacións no proxecto, que literalmente dí:





## Concello de Gondomar

---

“As actuacións propostas consisten, en síntese, no seguinte: Con carácter xeral a intervención consistirá na mellora da pavimentación existente eliminando as fochancas existentes repondo o pavimento de formigón e mellora de pluviais e disposición de canalizacións para o soterramento das instalacións.

O proxecto está redactado polos arquitectos Ramón Vieitez Rodríguez, Alberto Cebral Loureda e Brais Barreiro Carreira.

Analizado o proxecto enténdese que a canle de drenaxe de grava (poderán utilizarse elementos estabilizadores da grava e procurárase a impermeabilización do encontro coas edificacións e muro) deberá estenderse a tódalas edificacións e muros tradicionais, para solucionar o encontro co pavimento de formigón visto.

Deberá remitirse este informe aos autores do proxecto para que realicen os cambios necesarios e despois de supervisados os mesmos solicitaranse as autorizacións sectoriais”.

E Consta informe de conformidade as modificacións no proxecto definitivo aprobado do arquitecto municipal de data 29 de xaneiro do 2024.

Consta remisión do proxecto modificado a Deputación de Pontevedra xunto coa autorización da sectorial preceptiva de data 14 de xuño do 2024.

Consta no expediente a concesión da subvención que tivo entrada no rexistro electrónico do Concello a 3 de xullo do 2024 (2024-E-RC-3145) así como da autorización sectorial.

Consta a memoria xustificativa/acordo de inicio de data 16 de outubro do 2024 obxecto do contrato de conformidade coa Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público art. 116 e 28 da LCSP.

Constan os pregos de cláusulas administrativas particulares polos que se rexerá a licitación para a adxudicación das obras.





## Concello de Gondomar

---

Consta informe da Secretaría Municipal de data 22.10.2024.

Consta documento contable RC con núm. 6565 emitido pola Intervención municipal en data 10/07/2024.

Consta informe da Intervención municipal de data 22.10.2024,

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Visto o informe favorable da Secretaría Municipal de data 22.10.2024.

Visto o informe da Intervención Municipal de data 22.10.2024, no que conclúe:

“En visto do anteriormente exposto, fiscalízase favorable o expediente de contratación da obra “REFORMA DO CAMIÑO DE BARREIRAS EN DONAS” así como a aprobación do gasto por importe de 53.521,40 euros, de acordo co establecido no artigo 116.3 da LCSP, emítense as seguintes observacións:

- O reformulo previo consta efectuado extemporaneamente, incumprindo o artigo 236 LCSP a efectos de prazos.
- Non se recolle un estudo xeotécnico nin consta pronunciamento sobre a súa incompatibilidade coa natureza da obra.
- Respecto do informe da oficina de supervisión, se ben non resulta preceptivo por importe non consta pronunciamento sobre a súa necesidade ou non por afectar ou non as obras á estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra.”

Á vista do establecido no artigo 156 e seguintes da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

Vistos os pregos para a contratación que se propoñen, que inclúen os criterios





## Concello de Gondomar

---

que servirán de base para a adxudicación, pluralidade de criterios avaliábles mediante xuízos de valor e mediante cifras ou porcentaxes, pretendéndose así, obter a mellor oferta/solución que permita unha maior eficiencia na xestión do gasto público.

### **RESOLVO.-**

**Primeiro.** Avocar a competencia para este asunto por circunstancias de urxencia, delegadas na Xunta de Goberno Local, mediante resolución do 26 de xullo de 2023.

**Segundo.-** Aprobar o expediente de contratación, por procedemento aberto con varios criterios de adxudicación e trámite ordinario para as obras “REFORMA DO CAMIÑO DE BARREIRAS EN DONAS”.

**Terceiro.-** Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 16.10.2024, que rexerá o contrato.

**Cuarto.-** Aprobar e autorizar o gasto que ascende á cantidade de 44.232,56 euros, máis o IVE por importe de 9.288,84 euros, o que fai un total de 53.521,40 euros.

**Quinto.-** Dispoñer a apertura do procedemento aberto mediante a publicación do correspondente anuncio no perfil do contratante.

O manda e asina dixitalmente, na data que se consigna na marxe, o Sr. alcalde, Paco Ferreira González, do que eu, como secretaria, dou fe.

